

RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES CORRESPONDENTES Á SUBMEDIDA 19.2 (IMPLEMENTACIÓN DE OPERACIÓNS CONFORME ÁS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL) CORRESPONDENTES Á MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020

CONVOCATORIA 2019-2020

I.- Antecedentes

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estableceu na súa disposición adicional terceira que “se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.”

Neste senso, os proxectos correspondentes á convocatoria de axudas Leader (submedida 19.20) correspondente ás anualidades 2019-20 xa resolta no momento da declaración do estado de alarma, viron suspendidos os correspondentes prazos de execución e de xustificación dos proxectos.

Posteriormente, o artigo 9 do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020 (BOE nº 145, do 23 de maio), sinalou que, con efectos desde o 1 de xuño de 2020, reanúdase o cómputo dos prazos administrativos que tiveran sido suspendidos en virtude do Real Decreto 463/2020.

Polo tanto, o cómputo dos prazos que se suspenderan con data de 14 de marzo de 2020, reanudáronse a partir do 1 de xuño deste ano 2020.

Neste senso, no que respecta ao prazo para a xustificación e execución da segunda anualidade (2020) da convocatoria de proxectos correspondente ás anualidades 19-20, cómpre sinalar que estivo suspendido un total de 79 días (dende o 14 de marzo-inclusive- ata o 31 de maio-inclusive- deste ano 2020). Polo tanto, estes 79 días deberán computarse para ampliar o prazo da segunda anualidade (2020) da citada convocatoria de proxectos.

Tendo en conta, que como norma xeral, as resolucións de concesión de axuda sinalaban o 15 de outubro de 2020 como data tope para executar e xustificar a segunda



anualidade, este prazo alongouse, polo xeral, ata o 4 de xaneiro de 2021 (tendo en conta que ao sumar os 79 días nos que o prazo estivo suspendido, este acabaría nun día inhábil e segundo a Lei 39/2015 enténdese á súa vez ampliado ao día hábil inmediatamente seguinte).

Ao longo do mes de decembro do 2020 tiveron entrada no rexistro xeral da Agader un número significativo de solicitudes de promotores para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2020, que exceden do límite máximo previsto do 4 de xaneiro de 2021 para moitas resolucións de concesión da axuda.

En relación ás solicitudes de prórroga recibidas en Agader para exceder o límite máximo previsto do 4 de xaneiro de 2021 para a execución e xustificación dos investimentos, cómpre sinalar que, as citadas ampliacións de prazos se recollen nos anexo I e II da resolución emitida pola directora xeral o pasado 29/12/2020. Nos citados anexos constan, respectivamente as ampliacións de prazos concedidas ata o 4 de marzo de 2021 e ata o 15 de xuño de 2021, indicando o número de expediente, título, promotor e motivación alegada a solicitude de ampliación de prazo.

En relación ás solicitudes de prórroga recibidas en Agader ao longo do ano 2021 para exceder o límite máximo previsto do 15 de xuño de 2021 para a execución e xustificación dos investimentos, cómpre sinalar que, as citadas ampliacións de prazos se recollen no anexo I desta resolución. No citado anexo consta o prazo concedido (ata o 15 de outubro de 2021), o número de expediente, título, promotor e motivación alegada a solicitude de ampliación de prazo.

II.- Fundamentos legais e técnicos

No PDR de Galicia 2014-2020 prevese que a Agader xestione a medida 19 (Leader) e, dentro dela, as submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR).

As bases reguladoras que rexen a xestión da medida Leader son as seguintes:

- Acordo do 13 de decembro de 2019, publicado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D) e DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019.

O punto 2 do artigo 34 das bases reguladoras establece a posibilidade de que “a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en previsión dunha ordenada xestión, execución e peche da medida Leader do PDR, poida variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas límites sinaladas”.



Esta resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.

Tendo en conta:

Que á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

PROPOÑO, en relación ás resolucións de concesión de axuda recollidas no anexo I desta resolución e que se tramitan no marco da submedida 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR):

1. Modificar as datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos; de xeito que as citadas datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores como de xustificación de investimentos sexan as que se indican para cada expediente no citado anexo (15 de outubro de 2021).

A modificación das datas finais indicadas nos parágrafos anteriores suporá á súa vez a modificación das resolucións individuais emitidas, no ámbito da submedidas 19.2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) do PDR de Galicia 2014-2020 no que respecta ao prazo máximo de execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2020.

2. Notificar esta resolución aos interesados e aos GDR inmediatamente e darlle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.



ANEXO I

Nº GDR	Nome do GDR	Nº de expediente	Título do proxecto	Promotor	Data fin de prazo concedida	Motivación
2	<i>Terra Chá</i>	L18 1920 02 0080	<i>Proxecto de modernización de suministros agrícolas O Santo, S.L.</i>	Productos agrícolas O Santo, S.L.	15/10/2021	Problema no suministro de materiais de construción
3	<i>Montes e Vales Orientais</i>	L8 1920 03 0072	<i>Organización de eventos artísticos e culturais no rural</i>	Lourdes Abuide Valcarce	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
6	<i>Ribeira Sacra Courel</i>	L19 1920 06 0154	<i>Taller de reparación de vehículos</i>	Talleres Quiroga 2016, S.L	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
6	<i>Ribeira Sacra Courel</i>	L19 1920 06 0172	<i>Dotación de espazo expositivo e de degustación para produtores locais no recinto gandeiro de Rubián (Bóveda)</i>	Concello de Boveda	15/10/2021	Atrasos administrativos na adxudicación das obras que afectan ao prazo de execución e xustificación do proxecto.
7	<i>Valdeorras</i>	L19 1920 07 0065	<i>Adecuación e dotación do local social de A Veiga de Cascallá como telecentro-aula informática</i>	Concello de Rubiá	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas de dispoñibilidade do acceso a internet
7	<i>Valdeorras</i>	L18 1920 07 0054	<i>Creación e posta en marcha de Albergue turístico con Actividades complementaria en Casaio</i>	Pedro Domínguez Pérez	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto
8	<i>Sil Bibeí Navea</i>	L19 1920 08 0110	<i>Mellora de accesibilidade no Castelo de Castro Caldelas</i>	Concello de Castro Caldelas	15/10/2021	Nova adxudicación da obra por causa do Covid e o consecuente atraso na execución do proxecto.



9	Monteval	L19 1920 09 0105	Equipamento turístico A Pedra	Lorena Collazos Collazos	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
9	Monteval	L19 1920 09 0111	Construción dun Hotel Rústico en Fumaces	Gandainas Hotel Gastronómico SL	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto
11	Adercou	L19 1920 11 0114	Montaxe expositivo " O Lebre de Casarizas, unha vida de máquinas e inventos"	Concello de A Peroxa	15/10/2021	Complicación maior da estimada para a restauración das pezas.
11	Adercou	L19 1920 11 0125	Posta en valor do patrimonio natural e cultural da parroquia de Moura	CMVMC de parroquia de Moura excepto Monteverde e Fiscal	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
12	Carballiño Ribeiro	L19 1920 12 0093	Residencia de anciáns	Cabasenior Geriatria SL	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
13	Condado Paradanta	L19 1920 13 0129	Rehabilitación Pazo Corisca para reconversión en Hotel Rural e eventos	Quinta Corisca SL	15/10/2021	Escaseza de algúns materiais a causa de la crisis Covid
13	Condado Paradanta	L19 1920 13 0145	Posta en valor do patrimonio cultural e medioambiental de Maceira. Roteiro nocturno de Maceira	CMVMC de Maceira	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
15	Pontevedra Morrazo	L19 1920 15 0069	Acondicionamento de local de promoción de recursos e desenvolvemento rural en Mourente	Concello de Pontevedra	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto
15	Pontevedra Morrazo	L19 1920 15 0079	Roteiro do Camiño Real , Cruceiro do Marco e Regueiro de Borela	CMVMC de Borela	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.





15	<i>Pontevedra Morrazo</i>	L19 1920 15 0064	<i>Modernización de empresa de montaxe de carpintería e instalacións (A Portela)</i>	Montajes y Creaciones Norte, S.L.	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto
15	<i>Pontevedra Morrazo</i>	L19 1920 15 0076	<i>Creación de campamento turístico (2ª CAT) en Atalaia (Viascón)</i>	Xunca Xestion S.L.U	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto
17	<i>Salnés Ulla Umia</i>	L19 1920 17 0117	<i>Parque didáctico de lecer e acuático de Meis</i>	Crelpabe, S.L	15/10/2021	As restriccións de mobilidade producidas pola pandemia fan inviable a apertura inmediata.
19	<i>Terras de Compostela</i>	L19 1920 19 0072	<i>Complexo Turístico Rural San Pedro de Donas</i>	Garcilva, SL	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto.
19	<i>Terras de Compostela</i>	L19 1920 19 0087	<i>Cabañas El Camino</i>	Amapen New Tourism S.L	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto e baixa laboral do arquitecto director da obra
21	<i>Asdecomor</i>	L19 1920 21 0071	<i>Biblioteca intelixente</i>	Concello de Oroso	15/10/2021	Ainda non se iniciou o procedemento de contratación das obras de remate do centro cultural (causas alleas ao concello)
21	<i>Asdecomor</i>	L18 1920 21 0055	<i>Ampliación e traslado de empresa de taller e venda para maquinaria agrícola</i>	Fliegl Ibérica SL	15/10/2021	Atrasos derivados de problemas no ritmo de execución do proxecto
22	<i>Costa da Morte</i>	L19 1920 22 0092	<i>Instalación de fábrica de pinturas e produtos químicos</i>	Vtecquim Solutions, S.A.	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.
22	<i>Costa da Morte</i>	L19 1920 22 0081	<i>Mellora ambiental no Campo de fútbol de Lariño</i>	Concello de Carnota	15/10/2021	Atraso na adjudicación e contratación e certificación do proxecto
23	<i>Mariñas Betanzos</i>	L18 1920 23 0100	<i>Implantación de local comercial por emprendedor destinado a montaxe de estruturas e cubertas</i>	Grupo Spazi Aguasport, S.L	15/10/2021	Pendientes da modificación da resolución por cambio no orzamento



23	<i>Mariñas Betanzos</i>	L19 1920 23 0128	<i>Mellora de Restaurante en Coirós</i>	Carlos Alberto Boado Presas	15/10/2021	Pendientes da modificación da resolución e execución da instalación da carpa e dos permisos correspondentes
23	<i>Mariñas Betanzos</i>	L19 1920 23 0129	<i>Ampliación Carpintería de Madeira en Culleredo</i>	Cardica SL	15/10/2021	Atraso na obtención de permisos e autorización.

Santiago de Compostela,
O subdirector de Relacións cos GDRs
(asinado electrónicamente)

Moisés Blanco Paradelo

Tendo en conta o exposto, **RESOLVO aprobar a proposta do subdirector** de Relacións cos GDRs nos seus propios termos

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D: Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral da Agader
(asinado electronicamente)
Inés Santé Riveira

